

Estas medidas únense ás outras accións preventivas anteriores

EROSKI SUMA NOVAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN COA ENTREGA DE MASCARIÑAS, PANTALLAS FACIAIS E DE PROTECCIÓN AO SEU PERSOAL

- **Distribuíu en toda a súa rede mascariñas para todo o equipo**
- **As persoas que atenden postos en tenda máis expostos ao contacto tamén contan con pantallas faciais ou lentes de protección**
- **Ademais, instalouse unha cámara termográfica na súa sede en Elorrio para o control da temperatura de quen accede ás instalacións**

Elorrio, 08 de abril do 2020. - [EROSKI](#) incorpora novas medidas de protección e prevención para o persoal das súas tendas, sedes e plataformas, adaptándose ás novas recomendacións das autoridades sanitarias. Distribuíu en toda a súa rede comercial máscaras para todo o persoal. Ademais, os que atenden postos nos que están máis expostos ao contacto con outras persoas tamén contan con lentes de protección ou pantallas faciais. Xunto a estes novos elementos de protección, EROSKI instalou unha cámara termográfica na porta de acceso á súa sede en Elorrio (Biscaia) como medida preventiva para o control da temperatura das persoas que acceden ás súas instalacións.

Estas [medidas de prevención e protección](#) súmanse ás outras que EROSKI foi incorporando nos seus establecementos dende que se decretou o estado de alarma. Cuestións relativas á limpeza, dispoñibilidade de produto, modificación de servizos, ou información sobre a importancia dalgúns hábitos á hora de facer a compra, son algunhas delas. Concretamente, reforzouse o servizo de limpeza e a desinfección das superficies de contacto. Ademais, estableceuse a xeneralización do uso de luvas por parte do persoal e mais dos clientes. Tamén se incorporou o uso dunha solución hidroalcohólica para os equipos e na medida do posible estableceuse como recomendable evitar a manipulación de produto non embolsado.

Cambio de horario e control de clientela

As tendas de EROSKI adiantaron o horario de peche ás 20:00 horas. Estableceuse un sistema de control da clientela dos establecementos para poder garantir a distancia mínima de dous metros de prevención e seguridade establecida polas autoridades sanitarias como recomendable. Co fin de intentar facilitar unha axuda á hora de elixir o horario para facer a compra, EROSKI informa a través das súas canles dixitais da afluencia media por horas aos seus hipermercados e supermercados, unha información que se actualiza semanalmente.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Xunto a iso, instaláronse máis de 4.000 pantallas de metacrilato nas liñas de caixas como medida de protección para o persoal e para o cliente.

Para asegurar a subministración e dar o mellor servizo posible, dada a excepcionalidade das circunstancias, EROSKI mantén o reforzo da capacidade de produción das súas plataformas loxísticas e o de aprovisionamento e equipos nas tendas. Tamén mantén operativo o seu supermercado *online* e a entrega a domicilio, así como os seus máis de 40 puntos de recollida en tenda, en coche ou a pé de pedidos *online*. Por mor do incremento extraordinario da demanda destes servizos, EROSKI incrementou a súa capacidade nun 80% e implantou novas medidas de seguridade nas entregas a domicilio.

Prioridade e axuda a colectivos vulnerables

EROSKI tamén estableceu medidas para lle dar prioridade nos seus establecementos a colectivos como o persoal sanitario, das forzas de seguridade, as persoas maiores, as mulleres embarazadas e as persoas con discapacidade.

O persoal sanitario e das forzas de seguridade que acredite a súa condición ten preferencia de entrada ás tendas EROSKI dende as dez da mañá ata o peche dos establecementos ás 20:00 horas, co fin de contribuír ao esforzo que este colectivo está a realizar por mor do inxente e inestimable labor que están a desenvolver. Trátase dunha medida que persegue reducir a duración que lle dedican a facer a compra e así contribuír a que dispoñan de maior tempo libre e de descanso.

Pola súa banda, os que pertencen aos colectivos de persoas maiores de 65 anos, mulleres embarazadas ou persoas con discapacidade teñen preferencia de entrada ás tendas EROSKI de 9:00 AM a 10:00 AM, no caso de Baleares de 8:30 AM a 9.30 AM, dado que, de acordo coas autoridades sanitarias, son considerados colectivos máis vulnerables. Ademais, ao longo da xornada, estas persoas serán atendidas de xeito prioritario nas seccións de frescos de peixería, carnicería e chacinería. Ademais, dispuxéronse caixas preferentes para que poidan realizar o pagamento das súas compras.

Para axudar os colectivos máis vulnerables tamén puxo en marcha diferentes iniciativas. Así, por exemplo, en colaboración coa Cruz Vermella, está a desenvolver unha acción solidaria en todos os seus establecementos para recadar fondos para a alimentación e hixiene doutro dos colectivos máis vulnerables desta crise, os nenos, nenas e familias en risco de exclusión social, agudizado pola crise do COVID-19. A través desta campaña, EROSKI realizou unha achega inicial de 50.000 euros e duplicará a cantidade entregada polos seus clientes. Cruz Vermella canalizará os fondos recadados para axudar a 25.000 familias. Ademais, EROSKI está a doar

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



roupa para persoas sen teito que algúns concellos están a realoxar en polideportivos con motivo da corentena decretada a causa do COVID-19. Trátase de material téxtil básico como roupa interior, xerseis, camisetas, pantalóns e calzado deportivo.

Recomendacións para facer a compra

EROSKI reforzou tamén a comunicación ao cliente sobre as recomendacións que deben seguir á hora de faceren a compra, tales como que ao establecemento acuda só unha persoa por familia, que na medida do posible se evite ir á tenda de ser grupo de risco, o uso de luvas na tenda e das papeleiras habilitadas para desbotalas, procurar o pagamento con tarxeta ou móbil para evitar o contacto, acudir á tenda coa lista da compra, etc.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)